Grammar Appendix

UNIT 1 Adventure Travel

Present Simple

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **work**	I / You **do not (don't) work**	**Do** I / you **work**?
He / She / It **works**	He / She / It **does not (doesn't) work**	**Does** he / she / it **work**?
We / You / They **work**	We / You / They **do not (don't) work**	**Do** we / you / they **work**?

Uses	Examples	Adverbs of frequency / Time expressions
A regular habit or routine	*My sister works as a tour guide.* (A miña irmá traballa como guía turística.)	always, usually, generally, regularly, occasionally, frequently, often, sometimes, rarely, seldom, never at 1 o'clock, at night, in the morning, on Fridays, every week, once a month, how often ...?
A general truth or scientific fact	*Paris is a common destination.* (París é un destino habitual.)	
Stative verbs	*I think he is an explorer.* (Coido que é un explorador.)	

Forma

Afirmativa: é como a forma base do verbo (isto é, o infinitivo sen **to**), agás na 3ª persoa do singular, que remata en **-s** ou **-es**.

Para formar axeitadamente a 3ª persoa do singular cómpre ter en conta as seguintes regras ortográficas segundo a terminación do verbo:

- En **-o**, **-ss**, **-sh**, **-ch** ou **-x** engaden **-es**: *do - do**es**, miss - miss**es**, wish - wish**es**, touch - touch**es**, fix - fix**es***.
- En **vogal** + **y** engaden un **-s**: *say - say**s***.
- En **consoante** + **y** cambian o **y** por **i** antes de engadir **-es**: *try - tri**es***.

Negativa: suxeito + **do not** (**don't**), ou **does not** (**doesn't**) para a 3ª persoa do singular + forma base do verbo.

Interrogativa: do ou **does** + suxeito + forma base do verbo.

Lembra que **have got**, **to be** e os verbos modais non precisan o auxiliar **do** / **does** en negativa nin interrogativa.

Usos

- Falar de accións habituais ou rutinas.
- Falar de feitos xerais ou científicos.
- Cos *stative verbs* (repara na páxina seguinte).

+ Con horarios e programas.

The plane leaves at 4 o'clock.
(O avión sae ás catro en punto.)

Os adverbios de frecuencia van diante do verbo principal, mais se se trata do verbo **to be** colócanse detrás.

Laura never travels alone.
(Laura nunca viaxa soa.)

The tourist office is always open.
(A oficina de turismo está sempre aberta.)

As expresións temporais sempre se poñen ao comezo ou ao final da frase.

Peter goes to the museum every week.
(Peter vai ao museo cada semana.)

Con **how often ...?** pregúntase con que frecuencia se fai algunha cousa.

How often do you go to the United States?
(Con que frecuencia vas a Estados Unidos?)

+ Indica usos adicionais aos presentados nas táboas.

Present Continuous

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I **am singing**	I **am (I'm) not singing**	**Am** I **singing**?
You **are singing**	You **are not (aren't) singing**	**Are** you **singing**?
He / She / It **is singing**	He / She / It **is not (isn't) singing**	**Is** he / she / it **singing**?
We / You / They **are singing**	We / You / They **are not (aren't) singing**	**Are** we / you / they **singing**?

Uses	Examples	Time expressions
An action which is happening now	*Alex is travelling north now.* (Alex está a viaxar ao norte arestora.)	now, right now, at the moment
A temporary action	*They are learning to ski this year.* (Están a aprender a esquiar este ano.)	this year, at present, today, these days, this month
A definite plan for the near future	*Bob is meeting Mary tonight.* (Bob quedou con Mary esta noite.)	this evening, tonight, tomorrow, next Friday / week / year

Forma

Afirmativa: suxeito + **am** / **is** / **are** + verbo principal rematado en **-ing**, seguindo as seguintes regras ortográficas dependendo da terminación da forma base do verbo:

- En **-e** mudo, perde o **e**: *ride - rid**ing***.
- En **-y**, manteno: *pay - pa**ying***.
- En **-ie**, cambia **ie** por **y**: *die - d**ying***.
- En **vogal** + **consoante** (monosílabo) dobra a consoante, agás **w** e **x**: *run - ru**nning***, pero *show - show**ing***.
- En **-l** ou **-p** (bisílabo con acento grave) dobra esa letra: *travel - trave**lling***.
- En **vogal** + **consoante** (bisílabo con acento agudo), dobra a consoante: *refer - refe**rring***.

Negativa: suxeito + **am** / **is** / **are + not** (ou **n't**) + verbo principal rematado en **-ing**.

Interrogativa: am / **is** / **are** + suxeito + o verbo principal rematado en **-ing**.

Usos

- Dicir o que está a ocorrer no intre en que se está a falar.
- Expresar accións prolongadas que están a ocorrer nun presente máis amplo.
- Expresar o que faremos con toda seguridade nun futuro próximo pois xa o fixamos de antemán.

+ Co adverbio **always**, para denotar unha queixa.

He is always telling me what to do.
(Sempre me está a dicir o que teño que facer.)

Stative Verbs

Indican un estado máis ca unha acción e adoitan empregarse en *Present Simple*. Están relacionados con:

- as emocións e os sentimentos (**dislike**, **enjoy**, **hate**, **hope**, **like**, **love**, **prefer**, **want**),
- o pensamento e a opinión (**believe**, **forget**, **guess**, **know, remember**, **think**, **understand**),
- a percepción e os sentidos (**feel**, **hear**, **see**, **smell**, **sound**, **taste**, **touch**),
- os prezos e as medidas (**cost**, **measure**, **weigh**) y
- a pertenza (**belong**, **have**, **own**).

Algúns indican tanto estado como actividade e poden empregarse en *Present Simple* e en *Present Continuous*.

Donna thinks the cruise is a good idea.
(Donna cre que o cruceiro é unha boa idea.) [estado]

They are thinking about going to China in the summer.
(Están a pensar en marchar a China no verán.) [actividade]

O verbo **see** en *Present Continuous* indica unha acción futura fixada de antemán.

My parents are seeing my teacher this afternoon.
(Meus pais verán o meu profesor esta tarde.) [Xa quedaron]

Phrasal Verbs

Son verbos seguidos de unha ou dúas partículas (preposicións, adverbios ou unha combinación de ambos os dous) cun significado distinto do que cada palabra ten por separado.

Poden ser transitivos ou intransitivos.

We need to set off very early tomorrow.
(Temos que saír moi cedo mañá.)

We don't want to run out of medicines in the jungle.
(Non queremos quedar sen medicinas na selva.)

Os máis dos transitivos permiten intercalar o complemento directo entre o verbo e a partícula: se é un substantivo pode ir no medio ou non, mais se é un pronome debe colocarse entre ambos os dous.

I'm going to pick up my sister at the airport.
(Vou recoller á miña irmá ao aeroporto.)

I'm going to pick my sister up at the airport.
I'm going to pick her up at the airport.

Porén, algúns transitivos, todos os intransitivos e os formados por dúas partículas son inseparábeis.

He is looking for his keys / them.
(Está a procurar as súas chaves / procurándoas.)

Algúns verbos pódense combinar con diferentes partículas para formaren distintos *phrasal verbs*.

get across (facer entender)
get by (amañarse, defenderse [idioma])
get through (comunicar[se])

Ademais, moitos *phrasal verbs* teñen máis de un significado:

get into (entrar / meterse en; afeccionarse a)
turn up (aparecer, presentarse; subir [volume])
turn down (rexeitar; baixar)
switch off (apagar [o teléfono], desconectar[se])

Repara na listaxe de *phrasal verbs* que hai na páxina 29 para ver máis casos.

Past Simple

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **finished**	I / You **did not (didn't) finish**	**Did** I / you **finish**?
He / She / It **finished**	He / She / It **did not (didn't) finish**	**Did** he / she / it **finish**?
We / You / They **finished**	We / You / They **did not (didn't) finish**	**Did** we / you / they **finish**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action in the past	*I visited Brussels last year.* (Visitei Bruxelas o ano pasado.)	yesterday, last week / year, two days ago, in 2007, in the 1980s, in the 18th century, when, then
A series of completed actions in the past	*We opened the door and the guests entered the room.* (Abrimos a porta e os convidados entraron no cuarto.)	

Forma

Afirmativa: cos verbos regulares fórmase engadindo **-ed** á súa forma base segundo as seguintes regras ortográficas:

- En **-e** mudo engade só o **-d**: *prove - prov**ed***.
- En **vogal** + **y** engade **-ed**: *stay - stay**ed***.
- En **consoante** + **y** cambian o **y** por un **i** antes de engadir **-ed**: *carry - carr**ied***.
- En **vogal** + **consoante** (monosílabo) dobra a consoante agás **w** e **x**: *stop - sto**pped***, pero *fix - fi**xed***.
- En **-l** ou **-p** (bisílabo con acento grave), dobra a consoante: *cancel - cance**lled***.
- En **vogal** + **consoante** (bisílabo con acento agudo) dobra esta última: *prefer - prefe**rred***.

Os verbos irregulares, como podes ver na listaxe na páxina 31, non seguen ningún destes procesos.

Negativa: suxeito + **did not** (ou **didn't**) + a forma base do verbo principal.

Interrogativa: **did** + suxeito + forma base do verbo principal.

Usos

- Falar de accións rematadas que ocorreron nun momento concreto do pasado.
- Expresar accións consecutivas do pasado.

+ Indicar que unha acción curta (introducida por **when**) ocorreu cando outra máis longa estaba en proceso.

Jane was returning home when her car broke down.
(Jane estaba a regresar á casa cando se lle avariou o coche.)

+ Describir ou contar de que xeito eran as cousas no pasado.

In the 19th century, London was a dangerous city.
(No século XIX, Londres era unha cidade perigosa).

A expresión temporal **ago** ponse detrás do período de tempo indicado e tradúcese por "hai".

She left two hours ago.
(Marchou hai dúas horas.)

Past Continuous

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I **was writing**	I **was not (wasn't) writing**	**Was** I **writing**?
You **were writing**	You **were not (weren't) writing**	**Were** you **writing**?
He / She / It **was writing**	He / She / It **was not (wasn't) writing**	**Was** he / she / it **writing**?
We / You / They **were writing**	We / You / They **were not (weren't) writing**	**Were** we / you / they **writing**?

Uses	Examples	Time expressions
An incomplete action in progress at a specific time in the past	*At 9 o'clock last night, Eric was visiting his sister.* (Esa noite ás 9, Eric estaba a visitar a súa irmá.)	last night / week / year, at 4 o'clock
An incomplete action interrupted by another action	*They were skiing when their parents arrived at the hotel.* (Estaban a esquiar cando os seus pais chegaron ao hotel.)	when, while, as
Two incomplete actions in progress at the same time in the past	*The plane was taking off as I was driving to the airport.* (O avión estaba despegando cando estaba conducindo cara ao aeroporto.)	

Forma

Afirmativa: suxeito + **was** / **were** + verbo principal rematado en **-ing**.

Negativa: suxeito + **was** / **were** + **not** (ou **n't**) + verbo principal rematado en **-ing**.

Interrogativa: was / **were** + suxeito + verbo principal rematado en **-ing**.

Usos

- Dicir o que estaba a ocorrer nun momento concreto do pasado.
- Expresar que unha acción longa estaba en proceso cando ocorreu unha curta. A longa vai precedida de **while** ou **as** e a curta, de **when**.
- Expresar que varias accións ocorrían con simultaneidade no pasado. Neste caso van unidas por **while** ou **as**.

+ Con **always** sinalamos que unha acción pasada non nos compracía por repetida e monótona.

He was always talking about his trips.
(Sempre estaba a falar das súas viaxes.)

O xerundio e o infinitivo

O xerundio

É a forma verbal rematada en **-ing** que funciona como substantivo nos seguintes casos:

- Como obxecto directo dalgúns verbos: **consider**, **continue**, **deny**, **detest**, **dislike**, **enjoy**, **finish**, **hate**, **like**, **love**, **miss**, **prefer**, **recommend**, **suggest**, etc.

I like doing extreme sports.
(Gosto de practicar deportes de risco.)

- Detrás das preposicións.

Lucy doesn't like his style of playing.
(A Lucy non lle gusta o seu xeito de xogar.)

- Detrás dalgunhas formas verbais: **be used to** / **get used to**, **can't help**, **can't stand**, **don't mind** / **wouldn't mind**, **feel like**, **it's no use**, **look foward to**, etc.

She doesn't mind travelling alone. (A ela non lle importa viaxar soa.)

- Como suxeito da oración ao falarmos de accións ou feitos en xeral.

Walking is a very healthy activity.
(Camiñar é unha actividade moi saudábel.)

O infinitivo

É a forma verbal precedida de **to** e emprégase nestes casos:

- Detrás de verbos como: **agree**, **appear**, **choose**, **decide**, **expect**, **hope**, **learn**, **plan**, **promise**, **refuse**, **seem**, **want**, **wish**, etc.

  He decided to become an explorer.
  (Decidiu facerse explorador.)

- Detrás dalgúns adxectivos e adverbios.

  She woke up early to go on a guided tour.
  (Espertou axiña para ir a unha visita guiada.)

- Detrás do obxecto indirecto de verbos como: **advise**, **help**, **invite**, **persuade**, **teach**, **tell**, **warn**, etc.

  He invited me to join the expedition.
  (Convidoume a unirme á expedición.)

Porén, algúns verbos de percepción (**hear**, **feel**, **see**, etc.), **make** e **let** van seguidos da forma base (infinitivos sen **to**).

I let my sister come with us.
(Deixei a miña irmá vir connosco.)

Verbos seguidos de xerundio e de infinitivo

Verbos como **begin**, **forbid**, **intend**, **propose** ou **start** poden ir seguidos de ambas as dúas formas verbais sen que o seu significado varíe:

They proposed to visit / visiting all the shops of the town.
(Propuxeron visitar todas as tendas da vila.)

En troques, outros non significan o mesmo se levan detrás un xerundio ou un infinitivo. A continuación tes algúns exemplos:

- **forget** + **xerundio** emprégase en frases negativas para sinalar a imposibilidade de esquecer algo ocorrido no pasado.

  He'll never forget meeting that explorer.
  (Nunca esquecerá ter coñecido a aquel explorador.)

  forget + **infinitivo** significa "esquecer facer algunha cousa".

  He always forgets to buy a travel guide.
  (Sempre esquece mercar unha guía de viaxes.)

- **remember** + **xerundio** significa "lembrar algo que se fixo no pasado".

  I remember giving them their tickets.
  (Lembro terlles dado as súas entradas.)

  remember + **infinitivo** significa "lembrarse de facer algo".

  Remember to close the door before you go.
  (Lembra pechar a porta antes de marchares.)

- **stop** + **xerundio** significa "deixar un costume".

  Bob stopped smoking last year.
  (Bob deixou de fumar o ano pasado.)

  stop + **infinitivo** significa "deixar de facer algo para facer outra cousa".

  Can we stop to see the beach?
  (Podemos parar para ver a praia?)

UNIT 2 To the Rescue

Present Perfect Simple		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **have lived** He / She / It **has lived** We / You / They **have lived**	I / You **have not (haven't) lived** He / She / It **has not (hasn't) lived** We / You / They **have not (haven't) lived**	**Have** I / you **lived**? **Has** he / she / it **lived**? **Have** we / you / they **lived**?

Uses	Examples	Time expressions
An action that began in the past and continues until the present	*I have been a pilot for ten years.* (Fun piloto dez anos.)	never, ever, already, just, yet, recently, lately, how long ...?, for, since, in recent years
An action that took place at an undetermined time in the past, but is connected to the present	*John has joined a rescue team recently.* (John incorporouse a un equipo de rescate hai pouco.)	

Forma

Afirmativa: suxeito + **have** / **has** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **have** / **has** + **not** (ou **n't**) + participio do verbo principal.

Interrogativa: have / **has** + suxeito + participio do verbo principal.

Usos

- Falar de accións que comezaron no pasado e aínda continúan. Por iso, ás veces tradúcese o verbo en presente.
- Con accións pasadas cuxos efectos son visíbeis no momento actual.
- \+ Expresar que unha acción vén de ocorrer. Neste caso, engadimos **just** entre o auxiliar e o participio.

  The emergency service boat has just arrived.
  (O barco do servizo de emerxencias acaba de chegar.)

Never, **ever**, **already** e **just** póñense entre o auxiliar (**have**) e o participio do verbo, mentres que **yet** sempre aparece ao final da frase.

The plane has already taken off.
(O avión xa despegou.)

Have you checked the weather forecast for tomorrow yet?
(Consultaches xa o prognóstico do tempo para mañá?)

En afirmativa empregamos **just**, **never** e **already**, en negativa empregamos **yet**, e en interrogativa **already**, **ever**, **yet** e **just**.

I've never seen a tornado.
(Nunca vin un tornado.)

He hasn't hiked alone yet.
(El non foi de excursión só aínda.)

Have you ever been trapped in a lift?
(Algunha vez quedaches atrapado nun elevador?)

Con **how long ...?** preguntamos canto tempo pasou desde que acción, que aínda continúa, comezou.

How long have you been a firefighter?
(Canto tempo hai que es bombeiro?)

For sinala canto durou a acción e since cando comezou.

I have worked at the airport for two years / since 2009.
(Traballei no aeroporto dous anos / desde 2009)

Past Simple / Present Perfect Simple

Cando vaias traducir a inglés un Pretérito Perfecto galego, deberás ter coidado, pois dependendo do que queiras dicir deberás empregar un *Present Perfect Simple* ou un *Past Simple*.

O *Past Simple* refírese sempre a unha oración pasada e rematada. Normalmente, menciónase o momento no que se produciu (momento que xa rematou), e xa non afecta ao presente.

O *Present Perfect Simple* refírese tamén a unha acción pasada, mais neste caso o momento no que se produciu non é importante e non se menciona ou, se se menciona, este momento está inacabado. Alén diso, esta acción pasada ou ben está inacabada, ou ben ten algún efecto sobre o presente.

Vexamos algúns exemplos:

(Perdín a miña carteira.)

Dependendo de cando se produciu esta acción, de se ten efecto directo no presente ou non, deberemos traducila:

I lost my wallet. [se a perdín hai tempo e xa solucionei o meu problema]

I have lost my wallet. [por exemplo, se agora non teño cartos para pagar algo]

Do mesmo xeito, diremos:

I lost my wallet last summer. [a acción aconteceu nun momento xa rematado]

I have lost my wallet three times. [a acción aconteceu tres veces na miña vida, que aínda non rematou]

Sufixos para formar adxectivos

Os sufixos son terminacións que engadimos á raíz ou lexema das palabras para formarmos outras novas.

Estes son algúns dos sufixos que se engaden a substantivos e verbos para formar adxectivos:

predict (predicir)	*predict**able*** (predicíbel)
nation (nación)	*nation**al*** (nacional)
consider (considerar)	*consider**ate*** (considerado)
beauty (beleza)	*beauti**ful*** (bonito)
pain (dor)	*pain**less*** (indoloro)
contempt (desprezo)	*contempt**ible*** (desprezábel)
attract (atraer)	*attract**ive*** (atractivo)
danger (perigo)	*danger**ous*** (perigoso)

Con algúns substantivos poden empregarse varios destes sufixos:

*care**ful*** – *care**less*** *harm**ful*** – *harm**less***

En troques, outros só admiten un:

*home**less*** – **home**ful*** ***peace**less*** – *peace**ful***

Outros sufixos que, engadidos a verbos, forman adxectivos son **-ed** e **-ing**.

bore (aborrecer)	*bor**ed*** ([estar] aborrecido)
	*bor**ing*** ([ser]) aborrecido)

Cando o adxectivo remata en **-ed** significa que a persoa ou cousa á que se refire experimenta ou sofre un efecto concreto, e cando remata en **-ing** significa que a persoa ou cousa á que se refire causa o devandito efecto.

Peter is boring so I'm bored when I go out with him.
(Peter é aborrecido de xeito que aborrezo ao saír con el.)

Past Perfect Simple		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **had arrived** He / She / It **had arrived** We / You / They **had arrived**	I / You **had not (hadn't) arrived** He / She / It **had not (hadn't) arrived** We / You / They **had not (hadn't) arrived**	**Had** I / you **arrived**? **Had** he / she / it **arrived**? **Had** we / you / they **arrived**?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action which took place before another action in the past	*By the time he left the island, the tornado had already started.* (Cando abandonou a illa, o tornado xa comezara.)	already, by the time, after, before, until, never, just

Forma

Afirmativa: suxeito + **had** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **had not** (ou **hadn't**) + participio do verbo principal.

Interrogativa: had + suxeito + participio do verbo principal.

Usos

- Indicar que unha acción ocorreu antes que outra, a cal vai en *Past Simple*.

used to / would

Empréganse para falarmos de accións que eran comúns no pasado, mais xa non o son. Adoitan acompañarse de adverbios e expresións de tempo.

When I was a child, we would often go to the country.
(Cando eu era un neno, adoitabamos ir ao campo a miúdo.)

Every night, Emma used to dream about becoming a policewoman.
(Cada noite, Emma adoitaba soñar / soñaba con chegar a ser policía.)

Used to tamén se emprega para falar de estados e situacións pasadas, e daquela traducimos o verbo principal en pretérito perfecto ou en pretérito imperfecto. **Would** non pode empregarse nestes casos.

I used to live in this street. (Eu vivía nesta rúa.)

* *I would live in this street.* [Non é correcto.]

Used to non ten forma de presente. En negativa e interrogativa require o auxiliar **did** e en ambos os dous casos perde o **d**.

Did your mother use to travel a lot when she was young?
(A túa nai adoitaba viaxar moito cando era nova?)

UNIT 3 A Robotic World

Future Simple		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **will allow** He / She / It **will allow** We / You / They **will allow**	I / You **will not** (**won't**) **allow** He / She / It **will not** (**won't**) **allow** We / You / They **will not** (**won't**) **allow**	**Will** I / you **allow**? **Will** he / she / it **allow**? **Will** we / you / they **allow**?

Uses	Examples	Time expressions
A prediction	*Robots will be more developed in the future.* (Os robots perfeccionaranse no futuro.)	this evening, in an hour, at 2 o'clock, later, tomorrow, next month / year, soon, in a few weeks, in the future, on 1st May
A timetable	*The science lesson will start at 2 o'clock.* (A clase de ciencias comezará as dúas en punto.)	
A spontaneous decision	*My mobile phone is out of date. I will buy a new one.* (O meu móbil está anticuado. Mercarei un novo.)	

Forma

Afirmativa: suxeito + **will** + forma base do verbo.

Negativa: suxeito + **will not** (ou **won't**) + forma base do verbo.

Interrogativa: will + suxeito + forma base do verbo.

Usos

- Facer predicións ou anunciar feitos vindeiros.
- Falar dun horario establecido.
- Expresar unha decisión repentina, isto é, algo que decidimos facer mentres estamos a falar.

Be going to		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I **am going to buy** You **are going to buy** He / She / It **is going to buy** We / You / They **are going to buy**	I **am not going to buy** You **are not (aren't) going to buy** He / She / It **is not (isn't) going to buy** We / You / They **are not (aren't) going to buy**	**Am** I **going to buy**? **Are** you **going to buy**? **Is** he / she / it **going to buy**? **Are** we / you / they **going to buy**?

Uses	Examples	Time expressions
A planned action for the future	*Mark is going to visit the robot exhibition this evening.* (Mark vai visitar a exposición de robots esta tarde.)	this evening, later, in an hour, at 4 o'clock, tomorrow, soon, next month / year, in a few weeks, on 8th May
An action that is about to happen	*Be careful! You are going to burn your finger!* (Ten conta! Vas queimar os dedos!)	

Forma

Afirmativa: suxeito + **am** / **is** / **are** + **going to** + forma base do verbo principal.

Negativa: suxeito + **am / is / are** + **not** (ou **n't**) + **going to** + forma base do verbo principal.

Interrogativa: am / is / are + suxeito + **going to** + forma base do verbo principal.

Usos

- Expresar intencións, plans e decisións sobre o que faremos nun futuro vindeiro.
- Dicir que algo está a piques de ocorrer pois hai sinais diso.

O *Present Continuous* con valor de futuro

Anuncia accións fixadas de antemán que ocorrerán nun futuro vindeiro. Adoita reservarse para plans persoais xa concertados.

Non expresa unha intención, como **be going to**, senón algo que foi programado con antelación e que vai pasar con seguridade. Distínguese do *Present Continuous* normal pois a expresión que vai na frase sinala un tempo futuro e non presente.

He is going to present his new invention next month.
(El vai presentar o seu novo invento o mes que vén.) [intención]

He is presenting his new invention tomorrow.
(El presenta / presentará o seu novo invento mañá.) [plan concertado]

Future Continuous		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **will be travelling** He / She / It **will be travelling** We / You / They **will be travelling**	I / You **will not** (**won't**) **be travelling** He / She / It **will not** (**won't**) **be travelling** We / You / They **will not** (**won't**) **be travelling**	**Will** I / you **be travelling**? **Will** he / she / it **be travelling**? **Will** we / you / they **be travelling**?

Uses	Examples	Time expressions
An action in progress at a certain future time	*At this time tomorrow, Jenny and Lynda will be working in their new lab.* (Mañá a estas horas, Jenny e Lynda estarán a traballar no seu novo laboratorio.)	at this time tomorrow / next ..., on Thursday, in the next decade

Forma

Afirmativa: suxeito + **will be** + verbo principal rematado en -**ing**.

Negativa: suxeito + **will not** (ou **won't**) **be** + verbo principal rematado en -**ing**.

Interrogativa: will + suxeito + **be** + verbo principal rematado en -**ing**.

Usos

- Expresar o que estará a ocorrer nun momento determinado do futuro.

Future Perfect Simple		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **will have eaten** He / She / It **will have eaten** We / You / They **will have eaten**	I / You **will not** (**won't**) **have eaten** He / She / It **will not** (**won't**) **have eaten** We / You / They **will not** (**won't**) **have eaten**	**Will** I / you **have eaten**? **Will** he / she / it **have eaten**? **Will** we / you / they **have eaten**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action at a certain future time	*I will have finished my robot by August.* (Acabarei o robot por agosto.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ..., by then, by August, in four months

Forma

Afirmativa: suxeito + **will have** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **will not** (ou **won't**) **have** + participio do verbo principal.

Interrogativa: will + suxeito + **have** + participio do verbo principal.

Usos

- Indicar que unha acción concluirá nun momento concreto do futuro.

be used to / get used to

Be used to significa "estar afeito a", mentres que **get used to** se refire ao proceso de afacerse. En ambos os dous casos vai seguido dun substantivo ou un xerundio detrás de **to**.

Estas dúas estruturas son moi diferentes da forma verbal **used to** (unidade 2), pois nelas **used** non é un verbo, senón un adxectivo.

Os verbos que acompañan a **used** son **be** e **get**, os cales poden conxugarse.

Scientists are used to handling many devices.
(Os científicos están afeitos a manexar moitos aparellos.)

She is used to her old lab.
(Está afeita ao seu antigo laboratorio.)

He is getting used to his new routine.
(Estase afacendo á súa nova rutina.)

I cannot get used to working in such a noisy office.
(Non me afago a traballar nunha oficina tan ruidosa.)

UNIT 4 Between Us

Os modais		
Modals	Uses	Examples
can	Ability	*Tour guides can speak several languages.* (Os guías turísticos saben falar varios idiomas.)
	Request	*Can I stay here two more weeks?* (Podo ficar aquí dúas semanas máis?)
	Possibility	*She can be very moody at times.* (Ela pode ser moi temperamental ás veces.)
be able to	Ability	*Susan is able to cook delicious meals.* (Susan pode preparar pratos gorentosos.)
	Possibility	*You will be able to meet my wife tonight.* (Poderás coñecer á miña muller esta noite.)
can't	Inability	*Alice can't sing very well.* (Alice non canta moi ben.)
	Prohibition	*You can't take your children with you.* (Non podes levar os teus fillos canda ti.)
	Disbelief, deduction	*That can't be Paul. He is in Ireland!* (Este non pode ser Paul. Está en Irlanda!)
could	Past ability	*She could dance very well when she was a child.* (Ela bailaba moi ben cando era unha nena.)
	Polite request	*Could you introduce me to your guests?* (Poderías presentarme aos teus convidados?)
	Polite suggestion	*You could take your parents out for dinner.* (Poderías levar os teus pais a cear fóra.)
	Possibility	*He could meet new people at the party.* (Podería coñecer xente nova na festa.)
may, might	Possibility	*I may / might meet her mother tonight.* (Poida que coñeza á súa nai esta noite.)
may	Polite request	*May I ask you a question?* (Podo facerche unha pregunta?)
should, ought to	Advice, opinion	*You should / ought to accept Tim's proposal.* (Deberías aceptar a proposición de Tim.)
need to	Necessity, obligation	*I need to talk to the boss.* (Preciso falar co xefe.)
have to	Necessity, obligation	*Peter has to help his mother in the garden.* (Peter ten que axudar á súa nai no xardín.)
must	Obligation, strong necessity	*She must phone her father immediately.* (Ela debe chamar por teléfono ao seu pai decontando.)
	Strong belief	*Paul must be very happy in his new house.* (Paul debe estar moi feliz na súa nova casa.)
mustn't	Prohibition	*You mustn't use the phone after midnight.* (Non debes empregar o teléfono logo da medianoite.)
don't have to	Lack of obligation / necessity	*We don't have to go with Megan to the concert.* (Non temos que ir con Megan ao concerto.)
needn't	Lack of obligation / necessity	*You needn't bring anything to my party.* (Non tes que traer nada á miña festa.)
would	Formal request	*Would you meet me tomorrow at my office, please?* (Poderías xuntarte comigo mañá na miña oficina, por favor?)
	Offer	*Would you like to come to the opera with me?* (Gustaríache vir á ópera comigo?)

Os verbos modais:

- Son invariábeis, polo que teñen unha mesma forma para todas as persoas e non se conxugan.
- Non necesitan **do** / **does** para formaren a negativa nin a interrogativa.
- Sempre van seguidos dun verbo na forma base.

Be able to e **have to** non comparten todos estes trazos, mais si algúns dos seus usos (habilidade, obriga, etc.).

Usos

can

- Expresar habilidade ou capacidade
- Facer pedimentos, dar e pedir permiso
- Indicar posibilidade

\+ Facer suxestións

You can bring your camera on the tour.
(Podes traer a túa cámara á viaxe.)

be able to

- Ten o mesmo significado que **can**, mais como **can** só pode empregarse en *Present Simple*, no resto de tempos verbais empregamos **be able to**.

can't

- É a forma negativa de **can**
- Expresar dedución negativa ou certeza de que algo é imposible

could

- Expresar habilidade ou capacidade no pasado
- Facer peticións máis educadas ca con **can**
- Indicar posibilidade máis remota ca con **can**
- Facer suxestións menos directas ca con **can**

may / might
Expresan posibilidade (máis afastada cando se emprega **might**) de que ocorra algo. **May** tamén se emprega para facer peticións máis formais ca con **can**.

should / ought to
Os dous empréganse para dar consello e facer recomendacións. **Should** é o máis empregado dos dous.

need to
Pódese conxugar e, polo tanto, pode empregarse en todos os tempos verbais. Expresa obriga ou necesidade.

have to
Ten as mesmas funcións ca **must** aínda que a obriga que expresa non é tan forte. Como **must** só pode empregarse en *Present Simple*, no resto de tempos verbais empregamos **have to**.

must
Expresa obriga ou necesidade, especialmente cando a impón a lei ou alguén de autoridade. Ademais expresa unha conclusión lóxica ("deber de", "ter que").

mustn't
Expresa prohibición.

don't have to
Significa "non ter que" / "non ter por que", isto é, ausencia de obriga e de necesidade (como **needn't**).

needn't
Indica que non hai obriga ou necesidade de facer algo (o mesmo que **don't have to**).

would
Emprégase para pedir ou ofrecer algo de maneira educada.

Os modais perfectos

Modal Perfects	Uses	Examples
could have	Ability to have done something but in fact did not	*It was a stupid thing to phone him at midnight. You could have woken his parents up.* (Foi unha parvada chamalo a medianoite. Poderías ter espertado aos seus pais.)
couldn't have	Certainty that something didn't happen	*My son couldn't have broken the window at school. He was at home with me.* (O meu fillo non puido ter roto a ventá do colexio. Estaba na casa comigo.)
may / might have	A guess about a past action	*She may / might have forgotten about the meeting.* (Poida que teña esquecido a xuntanza.)
must have	Certainty or logical conclusion about an event in the past	*I heard you got married. That must have been very exciting.* (Oín que casaches. Debe de ter sido moi emocionante.)
should / ought to have	Criticism or regret after an event	*You should / ought to have waited a couple of years before getting married.* (Deberías ter esperado un par de anos antes de casares.)
shouldn't have	Criticism or regret after an event	*He shouldn't have invited his ex-girlfriend to the party.* (Non debería ter convidado á súa ex noiva á festa.)
would have	Willingness to have done something but in fact did not	*I would have visited my grandmother but my car broke down.* (Tería visitado á miña avoa pero avarióuseme o coche.)

***could have* + participio**
Sinala que se puido facer algo no pasado mais que finalmente non se fixo.

***couldn't have* + participio**
Expresa a certeza de que algo non puido ter ocorrido.

***may / might have* + participio**
Empréganse para facer unha conxectura dun feito pasado.

***must have* + participio**
Expresa unha conclusión lóxica dun feito pasado.

***should / ought to have* + participio**
Con ambos os dous podemos tanto queixarnos do que ocorreu como laiarnos de que non se cumprise o que esperabamos.

***shouldn't have* + participio**
Expresa a nosa opinión crítica sobre un feito pasado, indicando que non debería ter ocorrido.

***would have* + participio**
Sinala que se quixo facer algo no pasado mais non se puido debido a factores ou circunstancias externas.

Sufixos para formaren substantivos

Como xa sabes, os sufixos son terminacións que engadimos a algunhas palabras para formar outras novas.

Algúns dos máis empregados para formaren substantivos a partir de verbos son **-mention**, **-tion** /**-sion**, **-er** /**-or**, **-ness**, **-ship** e **-ity**.

Estes son algúns exemplos:

agree (acordar)	*agree**ment*** (acordo)
invite (invitar)	*invita**tion*** (invitación)
conclude (concluír)	*conclu**sion*** (conclusión)
run (correr)	*runn**er*** (corredor)
sail (navegar)	*sail**or*** (mariñeiro)
happy (feliz)	*happi**ness*** (felicidade)
friend (amigo)	*friend**ship*** (amizade)
personal (persoal)	*personal**ity*** (personalidade)

We finally sent all the wedding invitations.
(Ao final, enviamos todas as invitacións de voda.)

UNIT 5 What's It Worth?

As oracións condicionais

FIRST CONDITIONAL

Conditional clause	Result clause	Examples
if / unless + Present Simple	Future Simple / imperative / modal + base form	*You will play the piano very well if you practise enough.* (Tocarás o piano moi ben se ti practicas abondo.)
		Ask for a larger size if the shoes are too small. (Pregunta por unha talla máis grande se os zapatos son pequenos de máis.)
		If Alice needs a new T-shirt, she can go to the new shopping centre. (Se Alicia precisa unha nova camiseta, ela pode ir ao novo centro comercial.)

SECOND CONDITIONAL

if / unless + Past Simple	*would / could / might* + base form	*If they had enough money, they would buy a piano for their son.* (Se tivesen cartos abondo, comprarían un piano para o seu fillo.)
		I could / might go on a cruise if I won the lottery. (Podería facer un cruceiro se gañase a lotaría.)

THIRD CONDITIONAL

if + Past Perfect	*would have / could / might have* + past participle	*If I had seen him playing in the street, I would have recognised him.* (Se o vise xogando na rúa, recoñeceríao.)
		He could / might have gone to the concert if he had got a ticket. (Podería ter ido ao concerto se tivese unha entrada.)

Son oracións compostas por unha proposición subordinada que expresa a condición (**conditional clause**) e unha principal que indica o resultado (**result clause**). Non importa a orde en que se coloquen as proposicións, mais se a condición vai primeiro, adóitase pór unha vírgula entre ambas as dúas.

If you lend me your mobile phone, I will be really grateful.
(Se me emprestas o teu teléfono móbil, estarei moi agradecido.)

I will be really grateful if you lend me your mobile phone.
(Estarei moi agradecido se me emprestas o teu teléfono móbil.)

O primeiro condicional

Empregamos **if** + *Present Simple* na condición e *Future Simple* no resultado. Expresa que ocorrerá de cumprirse a condición sinalada.

Ademais do *Future Simple*, no resultado tamén se poden empregar os verbos modais ou o imperativo.

You can't participate in the music contest if you aren't old enough.
(Non podes participar no concurso musical se non es maior abondo.)

If you need a cheaper instrument, look for it in a second-hand shop.
(Se precisas un instrumento máis barato, procúrao nunha tenda de segunda man.)

Para expresar que algo ocorrerá ou non se non se cumpre a condición, a proposición introdúcese pola conxunción **unless**, que equivale a **if not** ("a non ser que", "a menos que"), ou négase o verbo en *Present Simple*.

Unless the concert finishes on time, you will miss the train.
If the concert doesn't finish on time, you will miss the train.
(A non ser que o concerto remate / Se o concerto non remata a tempo, perderás o tren.)

Repara que **unless** se emprega con moita asiduidade no primeiro condicional, mais é menos adoito no segundo condicional e nunca se emprega no terceiro.

O segundo condicional

Emprégase **if** + *Past Simple* na condición e **would** + o verbo na forma base no resultado. Expresa condicións hipotéticas referidas ao presente, é dicir, que é pouco probábel que ocorran; tradúcese por iso como un pretérito imperfecto de subxuntivo.

She would buy a new piano if she had the money.
(Ela mercaría un piano novo se tivese cartos.)

Se o verbo da condición é **to be**, adóitase empregar **were** en todas as persoas.

If that guitar weren't so expensive, I would buy it.
(Se esa guitarra non fose tan cara, compraríaa.)

Para dar consellos emprégase a fórmula **If I were.**

If I were you, I wouldn't waste so much money.
(Eu de ti, non gastaría tanto diñeiro.)

No canto de **would** podemos empregar os modais **could** ou **might** no resultado, mais ambos os dous sinalan que a probabilidade de que se cumpra a hipótese é aínda menor. Equivalen ao condicional "podería" ou ás expresións "talvez / quizais".

She could be a better singer if she attended singing lessons.
(Podería ser / Talvez sería mellor cantante se asistise a clases de canto.)

O terceiro condicional

Fórmase con **if** + *Past Perfect* na condición y **would have** + participio no resultado. Neste caso a condición é totalmente imposíbel, pois refírese ao pasado e xa non pode realizarse.

If Emily had come with us, she would have bought that bag.
(Se Emily tivese vido canda nós, tería mercado ese bolso.)

No canto de **would have** + participio, no resultado podemos empregar **could have** ou **might have** + participio.

If Peter had arrived earlier, he could / might have seen the street performance.
(Se Peter tivese chegado máis cedo, podería ter visto a actuación de rúa.)

As oracións temporais

As referidas ao futuro fórmanse como as do primeiro condicional: *Present Simple* na subordinada e *Future Simple* na principal. O que cambian son as conxuncións, que neste caso son **as soon as**, **by the time**, **the moment** (**that**), **when**, etc.

He'll buy a new computer as soon as he saves the money.
(El mercará un ordenador novo en canto aforre os cartos.)

When I finish the exam, I'll phone him.
(Cando remate o exame, chamareino por teléfono.)

Verbos seguidos de preposición

Hai moitos verbos en inglés que sempre van acompañados da mesma preposición.

I'm waiting for the bus.
(Estou a agardar polo autobús.)

Algúns deles pode levar diferentes preposicións detrás, e daquela adoita variar o seu significado.

arrive at ("chegar a" un lugar)
arrive in ("chegar a" a unha cidade ou un país)
talk about ("falar de / sobre" algo)
talk with / to ("falar con" unha persoa)
think about ("opinar (sobre), parecer"; "coidar / pensar en")
think of ("pensar en")

Deseguido podes ver algúns exemplos:

She has already arrived at the bookshop.
(Ela xa chegou á libraría.)

They arrived in New York an hour ago.
(Chegaron a Nova York hai unha hora.)

We talked about our teachers.
(Falamos dos nosos profesores.)

That customer wants to talk to the manager.
(Ese cliente quere falar co encargado.)

Repara na listaxe de verbos con preposición que hai na páxina 30 para ver máis casos.

UNIT 6 Behind the Scenes

A voz pasiva		
Tense	Active	Passive
Present Simple	*Matt Damon plays many roles.* (Matt Damon desempeñou moitos papeis.)	*Many roles are played by Matt Damon.* (Moitos papeis son desempeñados por Matt Damon.)
Present Continuous	*Matt Damon is playing many roles.* (Matt Damon está a desempeñar moitos papeis.)	*Many roles are being played by Matt Damon.* (Moitos papeis están a ser desempeñados por Matt Damon.)
Past Simple	*Matt Damon played many roles.* (Matt Damon desempeñou moitos papeis.)	*Many roles were played by Matt Damon.* (Moitos papeis foron / eran desempeñados por Matt Damon.)
Past Continuous	*Matt Damon was playing many roles.* (Matt Damon estivo a desempeñar moitos papeis.)	*Many roles were being played by Matt Damon.* (Moitos papeis estiveron a ser desempeñados by Matt Damon.)
Present Perfect Simple	*Matt Damon has played many roles.* (Matt Damon estivo a desempeñar moitos papeis.)	*Many roles have been played by Matt Damon.* (Moitos papeis foron desempeñados por Matt Damon.)
Past Perfect Simple	*Matt Damon had played many roles.* (Matt Damon desempeñou moitos papeis.)	*Many roles had been played by Matt Damon.* (Moitos papeis teñen sido desempeñados por Matt Damon.)
Future Simple	*Matt Damon will play many roles.* (Matt Damon desempeñará moitos papeis.)	*Many roles will be played by Matt Damon.* (Moitos papeis serán desempeñados por Matt Damon.)
Modals	*Matt Damon should play many roles.* (Matt Damon debería desempeñar moitos papeis.)	*Many roles should be played by Matt Damon.* (Moitos papeis deberían ser desempeñados por Matt Damon.)
Modal Perfects	*Matt Damon must have played many roles.* (Matt Damon debe ter desempeñado moitos papeis.)	*Many roles must have been played by Matt Damon.* (Moitos papeis deben de ter sido desempeñados por Matt Damon.)
have to	*Matt Damon has to play many roles.* (Matt Damon ten que desempeñar moitos papeis.)	*Many roles have to be played by Matt Damon.* (Moitos papeis teñen que ser desempeñados por Matt Damon.)
be going to	*Matt Damon is going to play many roles.* (Matt Damon vai desempeñar moitos papeis.)	*Many roles are going to be played by Matt Damon.* (Moitos papeis van ser desempeñados por Matt Damon.)

Forma

Afirmativa: suxeito + verbo **to be** + participio do verbo principal.

The role of Mandela was performed by Morgan Freeman.
(O papel de Mandela foi interpretado por Morgan Freeman.)

Negativa: suxeito + verbo **to be + not** (ou **n't**) + participio do verbo principal. Se a frase leva un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, o que negamos é o modal, **will** ou **have** / **has**.

The role of Mandela wasn't performed by Matt Damon.
(O papel de Mandela non foi interpretado por Matt Damon.)

Interrogativa: to be + suxeito + participio. Se na pregunta hai un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, a frase pasiva comeza co modal ou o verbo auxiliar, o mesmo que na voz activa.

Was this film directed by Clint Eastwood?
(Esta película foi dirixida por Clint Eastwood?)

Como pasarmos unha oración a pasiva

- Antes de sabermos cales son os pasos que cómpre seguir para pasarmos unha oración de activa a pasiva, é importante lembrar que a pasiva é máis frecuente en inglés que en galego, polo que se adoita traducir o verbo en activa ou na forma impersoal.

  Ponse como suxeito o obxecto que haxa detrás do verbo en activa, ben sexa directo ou indirecto, sendo o último caso máis común e exclusivo do inglés.

  The director explained the plot.

  The plot was explained by the director.
  (O argumento foi explicado polo director.)

  Cando hai dous obxectos, o máis común en inglés é pór o obxecto indirecto como suxeito.

  They are going to offer the role to Paul.

  Paul is going to be offered the role.
  (Vanlle ofrecer o papel a Paul.)

  Se o obxecto indirecto é un pronome obxecto, cámbiase á forma de pronome suxeito.

  The magazine's photographers will photograph them at the cinema.

  They will be photographed at the cinema by the magazine's photographers.
  (Eles serán fotografados no cinema polos fotógrafos da revista.)

- Ponse o verbo **to be** no mesmo tempo que tiña o verbo principal na voz activa e o verbo principal en participio.

  They bought the tickets last week.

  The tickets were bought last week.
  (As entradas mercáronse a semana pasada.)

Os modais e **be going to** non cambian, pois é o verbo que os segue o que se pon en pasiva.

The technician must operate the camera.

The camera must be operated by the technician.
(A cámara debe ser manexada polo técnico.)

They are going to show a new film at this cinema.

A new film is going to be shown at this cinema.
(Vaise pór unha película nova neste cinema.)

- Colócase o suxeito da activa ao final, precedido de **by**. Cómpre cambialo polo seu correspondente pronome obxecto se é un persoal.

This film critic has written the article.

The article has been written by this film critic.
(O artigo foi escrito por este crítico de cinema.)

Usos

- Indicar que a acción é máis importante que o suxeito que a realiza, ben porque é pouco relevante, descoñecido ou porque non se quere nomear. Ademais, deste xeito evítase unha frase activa cuxo suxeito sería **somebody**, **nobody**, etc.

Somebody added subtitles to the film.

Subtitles were added to the film.
(Engadíronse subtítulos á película.)

Os verbos causativos: *have / get + something + done*

A estrutura **have** / **get** + obxecto directo + participio de pasado expresa accións que encargamos a alguén.

I'm going to have / get my hair cut.
(Vou cortar o pelo. [farao outra persoa])

Esta estrutura pódese empregar cos máis dos tempos verbais.

Ann had her DVD player repaired.
(Ann fixo que lle amañasen o reprodutor de DVD.)

The band will have their instruments repaired soon.
(O grupo terá axiña os instrumentos arranxados.)

A estrutura ten un sentido pasivo, pois o obxecto directo que vai en medio recibe a acción do verbo que vai en participio. Mais adoita traducirse na voz activa.

My car broke down, so I had it repaired yesterday.
(Estragóuseme o coche, de xeito que o fixen amañar onte.)

She should have her eyes checked every year.
(Ela debería revisar a vista todos os anos.)

The actor got his book published (by a publisher).
(O actor publicou o seu libro.) [publicouno unha editorial]

Aínda que ambos os dous se empregan indistintamente, **get** é máis informal e común no inglés falado.

I got my house painted last week.
(Pintáronme a casa /Pintei a miña casa a semana pasada.)

Os prefixos

Os prefixos **dis-**, **il-**, **im-**, **in-** e **un-** engádense a algúns adxectivos para darlles o significado oposto.

satisfied (satisfeito)	***dis****satisfied* (insatisfeito)
legal (legal)	***il****legal* (ilegal)
patient (paciente)	***im****patient* (impaciente)
correct (correcto)	***in****correct* (incorrecto)
pleasant (agradábel)	***un****pleasant* (desagradábel)

Lembra que o prefixo **in-** varía nos seguintes casos:

- **il-** diante de adxectivos que comezan por **l-** (***il****logical*).
- **im-** diante de adxectivos que comezan con **m-** ou **p-** (***im****mortal,* ***im****possible*).
- **ir-** diante de adxectivos que comezan con **r-** (***ir****regular*).

Repara que ás veces non son prefixos senón parte da palabra: *disaster*, *illusion*, *impressive*, *understand*, etc.

Outros prefixos que se engaden a distintas clases de palabras son **anti-**, **inter-**, **multi-**, **over-**, **re-** e **under-**.

social (social, sociábel)	***anti****social* (antisocial)
national (nacional)	***inter****national* (internacional)
lateral (lateral)	***mult****ilateral* (multilateral)
active (activo)	***over****active* (hiperactivo)
write (escribir)	***re****write* (reescribir)
ground (chan)	***under****ground* (subterráneo)

UNIT 7 Out in the Cold

O estilo indirecto

Tense	Direct Speech	Reported Speech
Present Simple	*"He lives in the street."* ("Vive na rúa.")	*She said that he lived in the street.* (Ela dixo que el vivía / viviu na rúa.)
Present Continuous	*"He is living in the street."* ("Está a vivir na rúa.")	*She said that he was living in the street.* (Ela dixo que el estaba / estivera a vivir na rúa.)
Past Simple	*"He lived in the street."* ("Viviu na rúa.")	*She said that he had lived in the street.* (Ela dixo que el vivira na rúa.)
Past Continuous	*"He was living in the street."* ("Estaba a vivir na rúa.")	*She said that he had been living in the street.* (Ela dixo que el estivera a vivir na rúa.)
Present Perfect Simple	*"He has lived in the street."* ("Ten vivido na rúa.")	*She said that he had lived in the street.* (Ela dixo que el vivira na rúa.)
Present Perfect Continuous	*"He has been living in the street."* ("Estivo a vivir na rúa.")	*She said that he had been living in the street.* (Ela dixo que el estivera a vivir na rúa.)
Past Perfect Simple	*"He had lived in the street."* ("Tiña vivido na rúa.")	*She said that he had lived in the street.* (Ela dixo que el tiña vivido na rúa.)
Past Perfect Continuous	*"He had been living in the street."* ("Estivera a vivir na rúa.")	*She said that he had been living in the street.* (Ela dixo que el estivera a vivir na rúa.)
Future Simple	*"He will live in the street."* ("Vivirá na rúa.")	*She said that he would live in the street.* (Ela dixo que el viviría na rúa.)

Cambios nos modais	
Direct Speech	Reported Speech
can	could
may	might
must / have to	must / had to
will	would

Cambios noutras palabras e expresións	
Direct Speech	Reported Speech
now	then
today	that day
tonight	that night
yesterday	the previous day / the day before
last week	the previous week / the week before
a month ago	the previous month / the month before
tomorrow	the following day / the day after / the next day
next week	the following week / the week after
here	there
this	that
these	those

O **estilo indirecto** emprégase para contarmos o que alguén dixo sen citar exactamente as súas palabras.

Reported statements

Podemos contar en presente o que alguén vén de dicir, para o cal abonda con suprimir as comiñas e cambiar o pronome suxeito e a persoa do verbo.

"I am tired."
He says that he is tired.
(Di que está canso.)

Mais o normal é que o verbo que introduce a subordinada en estilo indirecto (polo xeral **say** ou **tell**) vaia en pasado, e daquela o cambio máis importante é que o verbo da subordinada dá un salto cara atrás (de *Present Simple* a *Past Simple*, deste a *Past Perfect*, etc.).

Alén de suprimir as comiñas e cambiar os tempos verbais, tamén cómpre que fagamos algúns cambios nos pronomes e nas expresións de tempo e lugar.

A oración subordinada vai introducida pola conxunción **that**, aínda que no inglés falado adoita omitirse.

"I'll bring him food today," the elderly woman said.
The elderly woman said (that) she would bring him food that day.
(A anciá dixo que lle levaría comida aquel día.)

Cando a frase enuncia unha verdade xeral non hai cambio nos tempos verbais.

"Homeless people often sleep in airports," she said.
She said that homeless people often sleep in airports.
(Dixo que as persoas sen fogar a miúdo dormen nos aeroportos.)

Como xa coñeces, os verbos máis comúns para introducir o estilo indirecto son **say** e **tell**. **Tell** sempre leva un obxecto indirecto sen a preposición **to**. **Say** pode levar obxecto indirecto ou non, mais de levalo cómpre que vaia con esa preposición.

"The police arrested a young man," he said.
He told us that the police had arrested a young man.
He said that the police had arrested a young man.
He said to us that the police had arrested a young man.
(Díxonos que a policía arrestara un home novo.)

Reported questions

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

- As **Yes / No questions** son as que se poden contestar cun "si" ou un "non". Para poñelas en estilo indirecto emprégase o verbo **ask**, e a continuación **if** ou **whether**. Daquela, como a pregunta deixa de selo e se converte nunha afirmativa, non hai inversión suxeito-verbo nin sinal de interrogación, e tampouco comiñas.

  "Did she sleep in the street?" the child asked.
  The child asked if / whether she had slept in the street.
  (O neno preguntou se ela durmira na rúa.)

- As **Wh-questions** non se poden contestar cun "si" ou un "non". Son as que comezan cunha partícula interrogativa (**what**, **who**, **where**, **when**, **why**, **whose**, **how**, **how long**, etc.). Ao pasalas ao estilo indirecto pomos a devandita partícula no canto de **if** ou **whether**. Logo van o suxeito e o verbo, e prescíndese do sinal de interrogación e das comiñas.

  "Where does the famous footballer live?" Joe asked.
  Joe asked where the famous footballer lived.
  (Joe preguntou onde vivía o famoso futbolista.)

Reported orders / requests

Para pasarmos unha orde a estilo indirecto cámbiase o imperativo por un infinitivo. Mais antes do infinitivo emprégase un verbo que exprese mandato, como **tell** ou **order**, seguido do obxecto indirecto. Hai outros verbos que seguen esta estrutura malia non expresar unha orde: **ask** ou **beg** para expresar pedimentos, ou **warn** para advertir a alguén de algo.

"Tidy your room now."
My mother ordered me to tidy my room then.
(Miña nai ordenoume arrombar o meu cuarto naquel intre.)

Ao se tratar dunha oración negativa, ponse **not** diante de **to.**

"Don't wake her up, please."
My father asked me not to wake her up.
(Meu pai pediume que non a espertase.)

Reported suggestions

Primeiro ponse o suxeito e o verbo **suggest** ou **recommend** en pasado e, despois, dicimos o que suxeriu esa persoa. Tamén se pode empregar **advise** para dar consello e **invite** para facer unha invitación. As suxestións poden pasarse ao estilo indirecto de dúas formas:

- Empregando unha oración de obxecto directo introducida por **that**, co seu suxeito e o verbo na forma base.
  "Let's join the demonstration," Peter suggested.
  Peter suggested that we join the demonstration.
  (Peter suxeriu que nos uniramos á manifestación.)
- Empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito.
  "Let's call airport security immediately!"
  He suggested calling airport security immediately.
  (Ela suxeriu avisar á seguridade do aeroporto decontado.)

Reporting verbs

Os verbos máis empregados para introducir o estilo indirecto son **say**, **tell** e **ask**, que transmiten a mensaxe sen engadir máis información. Mais se tamén queremos comunicar a intención do falante ou o ton que empregou, podemos facer uso doutros moitos **reporting verbs**:

- Afirmacións: **admit**, **announce**, **answer**, **apologise**, **boast**, **claim**, **complain**, **declare**, **explain**, **inform**, **insist**, **mention**, **offer**, **remind**, **reply**, **state**
- Preguntas: **enquire**, **request**, **want to know**, **wonder**
- Ordes: **demand**, **order**, **shout**, **warn**
- Rogos: **beg**
- Suxestións: **advise**, **invite**, **recommend**, **suggest**

  "We will be home late."
  They reminded me that they would be home late.
  (Lembráronme que chegarían tarde á casa.)

  "Did you see him at the party?"
  Mary wanted to know if I had seen him at the party.
  (Mary quixo saber se eu a vira na festa.)

  "Phone me when you get there!"
  She shouted (at) me to phone her when I got there.
  (Berroume que a chamase por teléfono cando chegase.)

  "You should get a better job."
  My father advised me to get a better job.
  (Meu pai aconselloume que procurase un traballo mellor.)

UNIT 8 Everybody's Business?

As oracións de relativo	
DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	Examples
who and **that** refer to people	*John is the person who / that got fired because of the information on his profile.* (John é a persoa que foi despedido pola información do seu perfil.)
which and **that** refer to objects	*The photo which / that appears in my Facebook profile was taken in Rome.* (A foto que aparece no meu perfil de Facebook tirouse en Roma.)
when and **that** refer to a moment in time	*He sent me a message the day when / that I celebrated my birthday.* (Envioume unha mensaxe o día en que celebrei o meu aniversario.)
where refers to a particular place	*Facebook is a social network where you can contact your friends.* (Facebook é a rede social onde podes contactar cos teus amigos.)
whose refers to possession	*Jane is the girl whose laptop I bought.* (Jane é a nena cuxo ordenador portátil comprei.)
NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	Examples
that cannot replace **who** or **which**	*Tuenti, which is a Spanish social network, is only accessible by invitation.* (Tuenti, que é unha rede social española, é só accesible por invitación.)
	Jason, who is older than me, has lost his mobile phone. (Jason, que é maior ca min, perdeu o seu teléfono móbil.)

Son oracións subordinadas adxectivas introducidas por un pronome ou un adverbio relativo. Poden ser de dous tipos: **defining** (especificativas) e **non-defining** (explicativas).

Defining Relative Clauses

Achegan información tan esencial sobre o seu antecedente que sen elas a frase ficaría incompleta.

- Os pronomes **who** (persoas), **which** (cousas) e **that** (persoas e cousas) poden omitirse se non fan de suxeito. **Whose** (posesión) non se pode omitir nin substituír.

  She is the girl who / that posted your photos on Facebook.
  (Ela é a rapaza que pendurou as túas fotos en Facebook.)

  I did not get the text message (which / that) she sent.
  (Non recibín a mensaxe de texto que enviou ela.)

  This is the blog whose author is unknown.
  (Este é o blog cuxo autor é descoñecido.)

- **When** (tempo) pode omitirse e substituírse por **that**.

  I'll never forget the day (when / that) Spain won the World Cup.
  (Nunca esquecerei o día en que España gañou a Copa do Mundo.)

- **Where** (lugar) non pode substituírse por **that** e só se omite nalgunhas ocasións.

  This is the site where I find all the information.
  (Esta é a páxina web onde atopo toda a información.)

Se o relativo leva preposición, o máis común é omitilo e pór a preposición detrás do verbo.

The boy (who / that) I talked to was very shy.
(O rapaz co que falei era moi apoucado.)

Non-defining Relative Clauses

Engaden información extra sobre o seu antecedente e van entre vírgulas. Fórmanse con **who**, **which**, **when**, **where** e **whose**, que non se poden omitir nin substitiuír por **that**.

Jack, who hasn't got a Facebook profile, didn't see your photos.
(Jack, que non ten perfil en Facebook, non viu as túas fotos.)

Adxectivos seguidos de preposición

Detrás de **to be** é común atopar adxectivos acompañados dunha preposición seguida dun substantivo, un pronome ou un xerundio. Son adxectivos en función atributiva.

I'm thrilled by this new social network.
(Encántame esta nova rede social.)

She's interested in mobile technology.
(Interésalle a tecnoloxía móbil.)

She is well-known for her donations to an AIDS organisation.
(Coñéceselle polas súas doazóns a unha organización de loita contra a SIDA.)

Repara na lista de adxectivos con preposición que hai na páxina 30 para ver máis casos.

UNIT 9 Cultural Contrasts

want + infinitivo / *want* + obxecto + infinitivo

- ***want* + infinitivo:** expresa o desexo de facer algo.

  Joe wants to build a school in Pakistan.
  (Joe quere construír un colexio en Paquistán.)

En galego, adoita ir seguido dun infinitivo con función de obxecto directo, de maneira que o suxeito de **want** e o do infinitivo son o mesmo.

- ***want* + obxecto + infinitivo:** expresa o desexo de que outra persoa faga algo.

  Sara wants her aunt to be an open-minded person.
  (Sara quere que a súa tía sexa unha persoa aberta de mente.)

En lingua galega é unha oración subordinada que leva suxeito e un verbo en subxuntivo, mais en inglés non se considera ao suxeito como tal senón como complemento directo de **want**; por iso, se é un pronome persoal, cómpre empregar os pronomes obxecto.

Do you want me to phone your father for permission?
(Queres que chame a teu pai para pedirlle permiso?)

Glossary

The Glossary includes vocabulary from the Student's Book and the Vocabulary Builder (Workbook).

UNIT 1

accommodation /əkɒmə'deɪʃn/ aloxamento

achieve /ə'tʃi:v/ conseguir, acadar, lograr

awareness /ə'weənəs/ conciencia

bee /bi:/ abella

bored /bɔ:d/ aborrecido/a, aburrido/a

break the ice /breɪk ði: 'aɪs/ romper o xeo

colourful /'kʌləfl/ colorido/a

crowded /'kraʊdɪd/ cheo/a de xente; ateigado/a

desert /'dezət/ deserto

deserted /dɪ'zɜ:tɪd/ deserto/a

eel /i:l/ anguía

encounter /ɪn'kaʊntə/ encontro

excited /ɪk'saɪtɪd/ emocionado/a

exotic /ɪg'zɒtɪk/ exótico/a

face (v) /feɪs/ enfrontarse a

fence /fens/ valado

flat /flæt/ chan/chá

foreign /'fɒrən/ estranxeiro/a

get off /get 'ɒf/ baixar(se) / apearse de

get up /get 'ʌp/ erguerse / subir

give up /gɪv 'ʌp/ darse por vencido/a, abandonar

go abroad /gəʊ ə'brɔ:d/ irse ao estranxeiro

goal /gəʊl/ obxectivo

guide /gaɪd/ guía

guided tour /gaɪdɪd 'tʊə/ visita guiada

hiking /'haɪkɪŋ/ excursionismo

hilly /'hɪli/ accidentado/a

hire /'haɪə/ contratar

hostile /'hɒstaɪl/ hostil

impressive /ɪm'presɪv/ impresionante

isolated /'aɪsəleɪtɪd/ illado/a

journey /'dʒɜ:ni/ viaxe

landmark /'lændmɑ:k/ punto de referencia, lugar / monumento célebre

lively /'laɪvli/ animado/a, ledo/a, alegre

local /'ləʊkl/ local

make a reservation /meɪk ə rezə'veɪʃn/ facer unha reserva

mountain /'maʊntən/ montaña

mountainous /'maʊntənəs/ montañoso/a

noisy /'nɔɪzi/ ruidoso/a

peaceful /'pi:sfl/ tranquilo/a, pacífico/a

rafting /'rɑ:ftɪŋ/ descenso en balsa, *rafting*

rappelling /ræ'pelɪŋ/ descender en rápel

remote /rɪ'məʊt/ remoto/a, recuado/a

river /'rɪvə/ río

rocky /'rɒki/ rochoso/a

route /ru:t/ ruta, roteiro

run out of /rʌn 'aʊt əv/ quedar / ficar sen

rural /'rʊərəl/ rural

sandy /'sændi/ areoso/a, areento/a

scenery /'si:nəri/ paisaxe

set off /set 'ɒf/ saír, botar a andar

show up /ʃəʊ 'ʌp/ aparecer, chegar, presentarse (nun lugar)

souvenir /su:və'nɪə/ lembranza, recordo

steep /sti:p/ pino/a, costento/a

take off /teɪk 'ɒf/ despegar (avión)

tired /'taɪəd/ canso/a, cansado/a

travel arrangements /'trævl əreɪndʒments/ preparativos antes da / para a viaxe

turn back /tɜ:n 'bæk/ regresar, volver, voltar

unpredictable /ʌnprɪ'dɪktəbl/ imprevisíbel, impredicíbel

urban /'ɜ:bən/ urbano/a

warn /wɔ:n/ advertir, avisar

watch out /wɒtʃ 'aʊt/ ter conta / coidado

Talking About a Picture

I suppose ... /aɪ sə'pəʊz/	Supoño que...
Maybe ... /'meɪbi/	Quizais, Talvez, Se cadra...
We can see that ... /wi: kæn 'si: ðæt/	Podemos ver que...
It's hard to tell. /ɪts hɑ:d tə 'tel/	É difícil de explicar.
They probably ... /ðeɪ 'prɒbəbli/	Eles probabelmente...
They seem to be ... /ðeɪ 'si:m tə bi:/	Semellan / Parecen estar...
It looks like ... /ɪt 'lʊks laɪk/	Seica, Parece que...
... looks ... /lʊks/	... parece / semella...
In the background ... /ɪn ðə 'bækgraʊnd/	Ao fondo...
At the top / bottom of the picture ... /æt ðə 'tɒp / 'bɒtəm əv ðə pɪktʃə/	Na parte de arriba / abaixo da fotografía...

Useful Expressions

It is located ... /ɪt ɪz ləʊ'keɪtɪd/	Está situado/a ...
It is possible to … /ɪt ɪz 'pɒsəbl tə/	É posíbel (que)...
A popular attraction/ landmark is … /ə 'pɒpjələ ətræk∫n / lændmɑ:k ɪz/	Unha coñecida atracción / Un monumento célebre é...
It is well-known for … /ɪt ɪz wel'nəʊn fə/	É célebre por...
The views are … /ðə 'vju:z ɑ:/	As vistas son...
It's got … /ɪts 'gɒt/	Ten...
You shouldn't miss … / ju: 'ʃʊdnt mɪs/	Non debes perderte...

UNIT 2

accident /'æksɪdənt/ accidente

alive /ə'laɪv/ vivo/a

amazed /ə'meɪzd/ sorprendido/a

amazing /ə'meɪzɪŋ/ sorprendente, incríbel

amused /ə'mju:zd/ divertido/a, entretido/a

amusing /ə'mju:zɪŋ/ divertido/a, que divirte / entretén

backpacker /'bækpækə/ mochileiro/a

bored /bɔ:d/ aborrecido/a (*be* ~: estar aborrecido/a)

boring /'bɔ:rɪŋ/ aborrecido/a (*be* ~: ser aborrecido/a)

brave /breɪv/ valente, afouto/a

chewing gum /'tʃu:ɪŋ gʌm/ goma de mascar

confused /kən'fju:zd/ confundido/a

confusing /kən'fju:zɪŋ/ confuso/a

crew /kru:/ tripulación

due to /'dju: tu:/ debido a, por mor de

earthquake /'ɜ:θkweɪk/ terremoto

emergency landing /imɜ:dʒənsi 'lændɪŋ/ aterraxe de emerxencia

escape (n) /ɪ'skeɪp/ fuxida, liberación (*have a lucky* ~: salvarse por pouco)

escape (v) /ɪ'skeɪp/ escapar, fuxir

eventually /ɪ'ventʃʊəli/ finalmente, ao final

excited /ɪk'saɪtɪd/ emocionado/a

exciting /ɪk'saɪtɪŋ/ emocionante

exhausted /ɪg'zɔ:stɪd/ esgotado/a

exhausting /ɪg'zɔ:stɪŋ/ esgotador/a

explosion /ɪk'spləʊʒn/ explosión, estoupido

extremely frightened /ɪk'stri:mli fraɪtnd/ moi asustado/a

fascinated /'fæsɪneɪtɪd/ enfeitizado/a, enviso/a, fascinado/a

fascinating /'fæsɪneɪtɪŋ/ fascinante

fear /fɪə/ medo

fire /'faɪə/ lume

firefighter /'faɪəfaɪtə/ bombeiro/a

flood /flʌd/ asolagamento

frightened /'fraɪtnd/ asustado/a (*be* ~: ter medo)

frightening /'fraɪtnɪŋ/ arrepiante, espantoso/a

frustrated /frʌ'streɪtɪd/ frustrado/a

frustrating /frʌ'streɪtɪŋ/ frustrante

health /helθ/ saúde

hero /'hɪərəʊ/ heroe

hurt /hɜ:t/ ferido/a

injured /'ɪndʒəd/ ferido/a

interested /'ɪntrəstɪd/ interesado/a

interesting /'ɪntrəstɪŋ/ interesante

irritated /'ɪrɪteɪtɪd/ irritado/a

irritating /'ɪrɪteɪtɪŋ/ irritante

isolated /'aɪsəleɪtɪd/ illado/a

isolating /'aɪsəleɪtɪŋ/ illante, que illa

keep warm /ki:p 'wɔ:m/ manterse quente / abrigado/a

landing /'lændɪŋ/ aterraxe

lucky /'lʌki/ afortunado/a (*be*~: ter sorte)

manage /'mænɪdʒ/ amañarse, poder

missing /'mɪsɪŋ/ desaparecido/a

natural disaster /nætʃrəl dɪ'zɑ:stə/ desastre, desfeita, catástrofe natural

not dangerous /nɒt 'deɪndʒərəs/ non perigoso/a

on his own /ɒn hɪz 'əʊn/ só/soa

panic /'pænɪk/ amedrentarse

passenger /'pæsɪndʒə/ pasaxeiro

plane crash /'pleɪn kræʃ/ accidente de avión

praise /preɪz/ gabar, eloxiar

reach /ri:tʃ/ alcanzar, acadar

realise /'ri:əlaɪz/ decatarse, darse conta de

relaxed /rɪ'lækst/ relaxado/a, tranquilo/a

relaxing /rɪ'læksɪŋ/ relaxante

relief /rɪ'li:f/ alivio

relieved /rɪ'li:vd/ aliviado/a

rescue (n) /'reskju:/ rescate, salvamento

rescue (v) /'reskju:/ rescatar

rescue worker /'reskju: wɜ:kə/ membro dun equipo de rescate

risk /rɪsk/ arriscar(se)

road accident /'rəʊd æksɪdənt/ accidente de tráfico

safe /seɪf/ seguro/a

satisfied /'sætɪsfaɪd/ satisfeito/a

satisfying /'sætɪsfaɪɪŋ/ satisfactorio/a

save (someone's) life /seɪv sʌmwʌnz 'laɪf/ salvar a vida (de alguén)

scared /skeəd/ asustado/a (*be* ~: ter medo)
scream /skri:m/ berrar
search /sɜ:tʃ/ procura, busca
search party /'sɜ:tʃ pɑ:ti/ equipo de busca, procura
shocked /ʃɒkt/ escandalizado/a
shocking /'ʃɒkɪŋ/ escandaloso/a
shout /ʃaʊt/ berrar
stay calm /steɪ 'kɑ:m/ manter a calma
stream /stri:m/ arroio, regueiro
surprised /sə'praɪzd/ soprendido/a
surprising /sə'praɪzɪŋ/ sorprendente
survival /sə'vaɪvl/ supervivencia
survivor /sə'vaɪvə/ supervivente
terrified /'terɪfaɪd/ arrepiado/a
terror /'terə/ pánico
thrilled /θrɪld/ emocionado/a, entusiasmado/a
thrilling /'θrɪlɪŋ/ emocionante
trapped /træpt/ atrapado/a
victim /'vɪktɪm/ vítima
worried /'wʌrid/ preocupado/a
worrying /'wʌrɪŋ/ preocupante

Talking About a Past Event

What happened? /wɒt 'hæpənd/	Que ocorreu?
When did it happen? /'wen dɪd ɪt hæpən/	Cando sucedeu?
Where did it happen? /'weə dɪd ɪt hæpən/	Onde sucedeu?
How did it begin? /haʊ dɪd ɪt bɪ'gɪn/	Como comezou?
What happened next? /wɒt hæpənd 'nekst/	Que ocorreu despois?
What happened after that? /wɒt hæpənd ɑ:ftə 'ðæt/	Que ocorreu despois diso?
What happened in the end? /wɒt hæpənd ɪn ðə 'end/	Que pasou ao final?
How did the people feel? /haʊ dɪd ðə pi:pl 'fi:l/	Como se sentía a xente?
I'm sorry, I didn't hear that. /aɪm sɒri aɪ dɪdnt 'hɪə ðæt/	Síntoo, non te oín.
Can you repeat that, please? /kən ju: rɪ'pi:t ðæt pli:z/	Podes repetilo, por favor?

Useful Expressions

It all began when ... /ɪt ɔ:l bɪ'gæn wen/	Todo comezou cando.....
One afternoon / day, ... /wʌn ɑ:ftə'nu:n / 'deɪ/	Unha tarde... / Un día...
Last week / year, ... /lɑ:st 'wi:k / 'jɪə/	A semana pasada... / O ano pasado...
It was a ... /ɪt 'wəz ə/	Foi un/unha...
Before I knew it, ... /bɪ'fɔ: aɪ nju: ɪt/	Antes de decatarme, ...
That's when ... /'ðæts wen/	Iso foi cando...
Suddenly, ... /'sʌdənli/	De súpeto,...
Two years ago, ... /tu: 'jɪəz əgəʊ/	Hai dous anos,...

UNIT 3

accurate /'ækjərət/ preciso/a, exacto/a
breakthrough /'breɪkθru:/ avance significativo
clean up /kli:n 'ʌp/ limpar
coast /kəʊst/ costa
come up with an idea /kʌm ʌp wɪ æn aɪ'dɪə/ propor, ocorrerse unha idea
complicated /'kɒmplɪkeɪtɪd/ complicado/a
conduct an experiment /kɒndʌkt æn ɪk'sperɪment/ dirixir un experimento
consider /kən'sɪdə/ considerar
considerable /kən'sɪdərəbl/ considerábel
considerate /kən'sɪdərət/ considerado/a, atento/a
continue /kən'tɪn ju:/ continuar
continuous /kən'tɪn ju:əs/ continuo/a
convenient /kən'vi:nɪənt/ conveniente
conveyor belt /kən'veɪə belt/ fita transportadora
crash /kræʃ/ bloquearse, colgarse (un ordenador)
create /kri'eɪt/ crear
creative /kri:'eɪtɪv/ creativo/a
danger /'deɪndʒə/ perigo
dangerous /'deɪndʒərəs/ perigoso/a
deal with /'di:l wɪð/ tratar; ocuparse / encargarse de
depend /dɪ'pend/ depender
dependable /dɪ'pendəbl/ formal, merecente de confianza
device /dɪ'vaɪs/ aparello, artiluxio
download information /daʊnləʊd ɪnfə'meɪʃn/ descargar información
download music /daʊnləʊd 'mju:zɪk/ descargar música
effect /ɪ'fekt/ efecto
effective /ɪ'fektɪv/ efectivo/a
efficient /ɪ'fɪʃnt/ eficiente
environment /ɪn'vaɪrənmənt/ medio natural
environmental /ɪnvaɪrən'mentl/ medioambiental
environmentally-friendly /ɪnvaɪrənmentəli'frendli/ ecolóxico, respectuoso/a co medio natural
fame /feɪm/ fama, sona
famous /'feɪməs/ famoso/a, célebre
fight to /'faɪt tə/ loitar para

foolproof /'fu:lpru:f/ doado de manexar
impress /ɪm'pres/ impresionar
impressive /ɪm'presɪv/ impresionante
innovate /'ɪnəveɪt/ innovar
innovative /'ɪnəveɪtɪv/ innovador/a
laptop /'læptɒp/ ordenador portátil
latest /'leɪtɪst/ (o) último / máis recente / máis moderno/a
light bulb /'laɪt bʌlb/ lámpada
long-lasting /lɒŋ'lɑ:stɪŋ/ duradeiro, duradoiro
make music /meɪk 'mju:zɪk/ tocar, interpretar música
make progress /meɪk 'prəʊgres/ facer progresos, avanzar
multi-purpose /mʌlti'pɜ:pəs/ multiuso
no longer /nəʊ 'lɒŋgə/ xa non
occur /ə'kɜ:/ ocorrer, ter lugar
oil spill /'ɔɪl spɪl/ verquido de petróleo
out-of-date /aʊtəv'deɪt/ desactualizado/a, pasado/a de moda
person /'pɜ:sn/ persoa
personal /'pɜ:sənl/ persoal
practical /'præktɪkl/ práctico/a
practice/'præktɪs/ práctica
product /'prɒdʌkt/ produto
productive /prə'dʌktɪv/ produtivo/a
reliable /rɪ'laɪəbl/ fiábel
rely on /rɪ'laɪ ɒn/ confiar en
remind /rɪ'maɪnd/ lembrar algo a alguén
search engine /'sɜ:tʃ endʒɪn/ motor de busca
set on fire /set ɒn 'faɪə/ prender lume
shut down /ʃʌt 'daʊn/ apagar
solve a problem /sɒlv ə 'prɒbləm/ solventar un problema
spread /spred/ difundir, espallar; expandir(se), estender(se)
start up /stɑ:t 'ʌp/ arrincar, comezar
store information /stɔ: ɪnfə'meɪʃn/ almacenar información
store music /stɔ: 'mju:zɪk/ almacenar música
swarm /swɔ:m/ enxame
up-to-date /ʌptə'deɪt/ actualizado/a, moderno/a
user-friendly / ju:zə'frendli/ doado de empregar / usar
valuable /'væljʊəbl/ valioso/a
value /'vælju:/ valor
weight /weɪt/ peso

Comparing Pictures

I've just noticed ... /aɪv dʒʌst 'nəʊtɪst/	Acabo de decatarme de...
And there's another thing ... /ənd ðeəz ə'nʌðə θɪŋ/	E hai outra cousa...
Look at this! /lʊk æt 'ðɪs/	Repara nisto!, Mira isto!
Did you notice ...? /dɪd ju: 'nəʊtɪs/	Decatácheste...? Décheste conta...?
The pictures are similar because ... /ðə pɪktʃəz ɑ: 'sɪmələ bɪkɒz/	As fotografías aseméllanse / son semellantes porque...
In both pictures ... /ɪn 'bəʊθ pɪktʃəz/	En ambas as fotografías...
Picture I shows ... while Picture II shows ... /pɪktʃə 'waɪn ʃəʊz ... waɪl pɪktʃə 'tu: ʃəʊz/	A fotografía I amosa... mentres que a fotografía II amosa...
The pictures are different because ... /ðə pɪktʃəz ɑ: 'dɪfrənt bɪkɒz/	As fotografías son desemellantes porque...
One difference is that in picture I, ... but in picture II, ... /wʌn 'dɪfrəns ɪz ðæt ɪn pɪktʃə 'wʌn ... bət ɪn pɪktʃə 'tu: .../	Unha diferenza é que na fotografía I,... mais na II, ...
they both show ... /ðeɪ 'bəʊθ ʃəʊ/	en ambas as dúas poden verse
more ... than ... /'mɔ: ... ðən .../	máis... que / ca / do que...

Useful Expressions

Hi ... , /haɪ/	Ola,
Dear ... , /dɪə/	Benquerido/a, Prezado/a,
How are you? /haʊ ɑ: 'ju:/	Que tal? Como che vai?
I'm writing to tell you about ... /aɪm raɪtɪŋ tə 'tel ju: əbaʊt/	Escríbote para falarche de...
That's all for now. /ðæts 'ɔ:l fə naʊ/	Iso é todo polo de agora.
Write soon! /raɪt 'su:n/	Escribe axiña!
See you soon! /si: ju: 'su:n/	Vémonos pronto!
Love, /lʌv/	Con agarimo,
Regards, /rɪ'gɑ:dz/	Atentamente,

UNIT 4

accommodate /ə'kɒmədeɪt/ aloxar, hospedar
accommodation /əkɒmə'deɪʃn/ aloxamento
acquaintance /ə'kweɪntəns/ coñecido/a
adventurous /əd'ventʃərəs/ aventureiro/a
argue /'ɑ:gju:/ discutir
argument /'ɑ:gjʊmənt/ discusión
arrange /ə'reɪndʒ/ acordar, arranxar, amañar
arrangement /ə'reɪndʒmənt/ acordo, arranxo, amaño
attraction /ə'trækʃn/ atracción
attractive /ə'træktɪv/ atractivo/a

average height /'ævərɪdʒ haɪt/ (de) estatura media
aware of /ə'weə ɒv/ consciente de
awareness /ə'weənəs/ conciencia
(social) background /(səʊʃl) 'bækgraʊnd/ contorno (social)
break up /breɪk 'ʌp/ separarse, romper
broken-hearted /brəʊkən'hɑ:tɪd/ desconsolado/a, abatido/a, desolado/a
cheerful /'tʃɪəfl/ alegre, ledo/a
claim /kleɪm/ afirmar
close friend /'kləʊs frend/ amigo/a íntimo/a
compatibility /kəmpætə'bɪlətɪ/ compatibilidade
compatible /kəm'pætəbl/ compatíbel
confident /'kɒnfɪdənt/ seguro/a dun/dunha mesmo/a
couple /'kʌpl/ parella
curly hair /'kɜ:li heə/ pelo rizado
dark /dɑ:k/ escuro/a
dark hair /'dɑ:k heə/ pelo escuro
dark skin /'dɑ:k skɪn/ pel escura
darkness /'dɑ:knəs/ escuridade
date /deɪt/ cita, parella
decide /dɪ'saɪd/ decidir
decision /dɪ'sɪʒn/ decisión
describe /dɪ'skraɪb/ describir
description /dɪ'skrɪpʃn/ descrición
divorced /dɪ'vɔ:st/ divorciado/a (*get*~: divorciarse)
doubt /daʊt/ dubidar
energetic /enə'dʒetɪk/ enérxico/a
engaged /ɪn'geɪdʒd/ comprometido/a
fair hair /'feə heə/ pelo claro
fall in love /fɔ:l ɪn 'lʌv/ namorarse
fiancé /fi'ɒnseɪ/ prometido
fiancée /fi'ɒnseɪ/ prometida
friend /frend/ amigo/a
friendship /'frendʃɪp/ amizade
generous /'dʒenərəs/ xeneroso/a
get along /get ə'lɒŋ/ levarse ben
get to know /get tə 'nəʊ/ chegar a coñecer
give it a chance /gɪv ɪt ə 'tʃɑ:ns/ darlle unha oportunidade
go out (with) /gəʊ 'aʊt wɪð/ saír (con alguén)
good-looking /gʊd'lʊkɪŋ/ atractivo/a, guapo/a
great sense of humour /greɪt sens əv 'hju:mə/ gran sentido do humor
grow apart /grəʊ ə'pɑ:t/ distanciarse, afastarse
happiness /'hæpɪnəs/ felicidade
happy /'hæpi/ feliz
hard-working /hɑ:d'wɜ:kɪŋ/ traballador/a
helpful /'helpfl/ servicial, amábel
impress /ɪm'pres/ impresionar
impressive /ɪm'presɪv/ impresionante
increase /ɪn'kri:s/ aumentar
keep in touch /ki:p ɪn 'tʌtʃ/ manter o contacto
last /lɑ:st/ durar
long-lasting /lɒŋ'lɑ:stɪŋ/ duradeiro/a, duradoiro/a
make friends /meɪk 'frendz/ facerse amigos/as
married /'mærid/ casado/a (*get*~: casar)
matching /'mætʃɪŋ/ correspondencia, compatibilidade
mate /meɪt/ amigo/a, compañeiro/a
moody /'mu:di/ temperamental, malhumorado/a
muscular /'mʌskjələ/ musculoso/a
outgoing /'aʊtgəʊɪŋ/ sociábel, extrovertido/a
perfect match /'pɜ:fekt mætʃ/ parella perfecta
personality /pɜ:sə'nælətɪ/ personalidade
petite /pə'ti:t/ miúda
play a role /pleɪ ə 'rəʊl/ desempeñar un papel
possibility /pɒsə'bɪlətɪ/ posibilidade
possible /'pɒsəbl/ posíbel
practical /'præktɪkl/ práctico/a
practice /'præktɪs/ práctica
relationship /rɪ'leɪʃnʃɪp/ relación
relative /'relətɪv/ parente, familiar
research /rɪ'sɜ:tʃ/ investigación
reservation /rezə'veɪʃn/ reserva
reserve /rɪ'zɜ:v/ reservar
selfish /'selfɪʃ/ egoísta
self-centred /self'sentəd/ egocéntrico/a
sensible /'sensəbl/ asisado/a
serious /'sɪəriəs/ serio/a
shy /ʃaɪ/ tímido/a, apoucado/a
single /'sɪŋl/ solteiro/a
slim /slɪm/ delegado/a, esvelto/a
spark /spɑ:k/ faísca
straight hair /'streɪt heə/ pelo liso
stubborn /'stʌbən/ testán/ana
sweaty /'sweti/ suado/a
take after /teɪk 'ɑ:ftə/ semellarse a, saír a
tie the knot /taɪ ðə 'nɒt/ casar, botar o lazo a alguén (col.)
value /'vælju:/ valor
well-meaning /wel'mi:nɪŋ/ benintencionado/a
work out /wɜ:k 'aʊt/ funcionar
world-famous /'wɜ:ldfeɪməs/ mundialmente célebre, coñecido/a

Describing a Person

He's very ... /hi:z 'veri/	El é moi...
He can be a bit ... /hi: kən 'bi: ə bɪt/	El pode ser un pouco...
He's really into ... /hi:z 'rɪəli ɪntə/	A el interésa(n)lle moito...
He also enjoys ... /hi: 'ɔ:lsəʊ ɪndzɔɪz/	Tamén lle gusta(n)
He's quite ... /hi:z 'kwaɪt/	El é bastante...
He's got ... /'hi:z gɒt/	Ten...
He's good at ... /hi:z 'gʊd ət/	Dá(n)selle ben...
He's not mad about ... /hi:z nɒt 'mæd əbaʊt/	Non o entusiasma(n)...
And another thing ... /ænd ə'nʌðə θɪŋ/	E outra cousa...
What's more ... /'wɒts mɔ:/	É máis...
And besides ... /ænd bɪ'saɪdz/	E ademais...
What does he look like? /wɒt dʌz hi: 'lʊk laɪk/	Como é (fisicamente)?
What's he like? /wɒts hi: 'laɪk/	Como é (como persoa)?
What's he interested in? /wɒts hi: 'ɪntrəstɪd ɪn/	Que lle interesa / gosta?

Useful Expressions

One of the most ... people I know /wʌn əv ðə məʊst ... 'pi:pl aɪ nəʊ/	Unha das persoas máis... que coñezo
She's got ... /'ʃi:z gɒt/	El ten...
She's into ... /ʃi:z 'ɪntə/	A ela interésa(n)lle...
She's quite ... /ʃi:z 'kwaɪt/	Ela é bastante...
She can be a bit ... /ʃi: kən bi: ə 'bɪt/	Ela pode ser un pouco...
In short, ... /ɪn 'ʃɔ:t/	Resumindo, ...
In conclusion, ... /ɪn kən'klu:ʒn/	En conclusión, ...

UNIT 5

a good deal /ə gʊd 'di:l/ unha boa compra / oferta

afford /ə'fɔ:d/ permitirse

appreciate /ə'pri:ʃeɪt/ apreciar; agradecer

bargain /'bɑ:gən/ ganga

bill /bɪl/ billete (diñeiro)

brand name (n) /'brænd neɪm/ (artigo de) marca

brand-name (adj) /'brændneɪm/ de marca

brand-new /brænd'n ju:/ completamente novo/a, por estrear

busker /bʌskə/ músico da rúa

case /keɪs/ funda, estoxo (dun instrumento)

coin /kɔɪn/ moeda

cost /kɒst/ custar (~*a fortune*: custar unha fortuna)

